

Xornada escolar e corresponsabilidade social

Emilio F. Zunzunegui

Secretario de Acción en Defensa da Escola Pública FE de CC.OO. Galicia

Posiblemente sexa Galicia a Comunidade Autónoma que conta con máis centros de Ensino Básico, tanto públicos como privados, instalados no réxime de Xornada Continuada. A orixe desta situación está na resolución da Dirección Xeral do Ensino Básico da Consellería de Educación na que se regula a organización das actividades docentes durante o curso 87/88. Nela contéplase a posibilidade de acceso á modalidade de sesión única, por un ano, se así o solicitasen, cando menos, os 2/3 dos compoñentes do Claustro e do Consello Escolar; ademais precisábase un informe das APAs e o pronunciamento favorable dos 2/3 do **total** dos titores, nais ou pais dos alumnos. Requeríase, tamén, un proxecto pedagóxico-didáctico no que se incluíran as actividades complementarias. Esta posibilidade naceu co carácter de «experimental» e a Dirección Xeral reservábase, en última instancia, a facultade de concedela.

E importante suliñar que esta normativa non contemplaba as diferentes particularidades dos Centros (unitarias, concentracións, ubicados no rural, urbanos...), nin se implementaba presupostaria e politicamente con medidas de coordinación que comprometeran ás diferentes Consellerías así como ás entidades locais.

O longo do curso 87-88 acolléronse á modalidade de Xornada Continua 24 centros, quedando gran número deles ás portas ó non conquri-lo pronunciamento favorable dos 2/3 do total dos pais/nais/titores aínda que así o fixeran a totalidade dos que participaron nas votacións.

Xa no curso 88-89 e coa Consellería dirixida por Coalición Galega, recolléndoa de mans de Alianza Popular, régúlase a Xornada, cunha formulación máis permisiva pois aceptábase como condición suficiente os 2/3 dos votantes aínda que se esixía a supervisión das actividades complementarias por parte do profesorado. En consecuencia, o número de Centros que se estableceron en réxime de xornada continuada incrementouse en 68.

Un aspecto a destacaré que tódos aqueles centros nos que, de xeito obrigatorio, tiveron que revalidar por 2º ano as votacións regulamentadas, obtiveron uns resultados todavía máis favorables para a opción da sesión única independentemente da ubicación ou características dos centros e dos sectores consultados (pais-nais, alumnos e profesores).

Sen embargo na resolución que regula o actual curso 89-90 prorrógase a situación dos centros con xornada continuada pero paráízase a súa expansión na espera (2 ou 3 anos) dos resultados do estudo encargado ó ICE da Universidade de Santiago sobre a cuestión. Frustrábase así a intención de numerosos centros que xa cumprimentaran os requisitos esixidos nas convocatorias anteriores.

Ata eiquí unha rápida descripción do sucedido. Sen embargo parece necesario facerse as seguintes preguntas: ¿Cales foron os motivos que levaron a implantación da xornada continuada tal e como se fixo?, ¿que problemas sociais suscitaron e cales foron as

medidas políticas complementarias que se adoptaron?, ¿cal foi o comportamento dos distintos sectores da comunidade educativa?

Considero importante suliñar que na coiuntura na que se regulou por primeira vez a devandita modalidade de xornada, aínda non existía unha presión o suficientemente forte, por parte de todos aqueles sectores educativos interesados, como para forzar á Consellería a vehiculizar algunha acción da que non estivera voluntariamente disposta a desenrolar; ¿por que, entón, esta disposición?

Con pouco risco a equivocarme penso que o motivo fundamental estriba no intento de aforrar presuposto en dous servicios públicos trascendentais: transporte e comedores escolares. (En Galicia concéntrase o 50 % do transporte escolar do Estado e casi 1/3 dos centros públicos de máis de 8 unidades teñen comedor). Fundamento a miña sospeita na falla de medidas complementarias de carácter político que fixera viable e compatible este proxecto co mantemento dos servicios citados. Por outra banda perdeuse unha oportunidade de avance na millora do ensino público o que, sen dúbida, lograríase caso de comprometer no proceso a institucións como a Federación de Municipios, Consellerías de Cultura, Traballo, Sanidade..., e se regulara adecuadamente a utilización dos centros públicos posibilitando o seu aproveitamento fora do horario adicado ó currículo obrigatorio.

Pola contra o que está a orixinar é que as actividades complementarias (ou de tarde) estén pagadas polas APAs e atendidas, en parte, polo profesorado do propio centro e todo elo sen a mínima colaboración de ningún ente público.

Co paso do tempo as Federacións de APAs e algúns sindicatos do Ensino reaccionaron diante da trampa prantexada pola Consellería e comezaron a esixir unha vontade política que se concretara en disposicións legais que posibilitasen a aplicación desta e/ou outras modalidades de xornada evitando a privatización das actividades complementarias. Así mesmo o rachar con esa conscente pasividade da Administración é o que pode evitar que a chamada «experiencia» se instale cos vicios adquiridos ou poda significar unha volta atrás polos graves defectos que conleva chegando a xenerar unha opinión contraria respecto a outro tipo de xornada que non sexa a partida, xa que, tristemente, para moitos pais e nais é a que mellor compre a función de «gardería» sen ocasionar desembolso económico adicional algún.

Pese a todas estas circunstancias coido que este proceso posibilitou e acelerou o debate na comunidade educativa encol da modalidade de xornada escolar que se necesita no ensino básico e medio e, polo tanto, sobre os problemas derivados: gratuidade das actividades, supervisión das mesmas, papel social dos comedores, transporte escolar e creación de centros máis próximos ó entorno dos rapaces, necesidade, ou non, do control do ocio dos rapaces, responsabilidade civil dos profesores, relación entre a xornada de traballo do profesor e a dos alumnos, rendemento físico-psíquico, etc.

Dando por suposto que o debate aínda está a escomenzar, atrévome a prantexar que calquera adecuación do sistema actual a outro tipo de xornada debe recolle-las seguintes premisas:

- a) Evita-la consideración apriorística dalgún tipo de xornada como o máis adecuado (partida, continua, mixta...).
- b) Autonomía dos consellos escolares de cada centro dentro dunhas normas básicas elaboradas pola Administración educativa e negociadas previamente cos sectores da comunidade educativa.

c) Adecuación ás características do centro e ó contexto socio-xeográfico no que se ubique (tempo de transporte, hábitos sociolaborais, capacidade de oferta de actividades...).

d) Mantemento do comedor escolar e do transporte para as actividades complementarias voluntarias. Gratuidade destes servicios.

e) Necesidade dun decreto de utilización dos centros públicos que posibilite o achegamento da sociedade á escola así como o aproveitamento, por parte da poboación do entorno, de aqueles servicios que ofrezca (bibliotecas, salón de actos, talleres, pistas, etc.).

f) Incardina-lo conxunto de actividades complementarias e obrigatorias nun plan de centro aprobado polo Consello Escolar do mesmo e, no seu caso, polo Consello Escolar Territorial.

g) Evita-la confusión do horario do profesor ca dos alumnos.

h) Reducción do horario lectivo do profesorado e regulamentación da formación permanente e obrigatoria dentro da xornada de traballo.

i) Coordinación e compromiso político das institucións públicas relacionadas co Ensino: Consellerías, Concellos...

Para posibilitar estas bases é necesaria a actuación conxunta das federacións de APAs, Organizacións estudiantís, MM.RR.PP., AA.VV. e sindicatos de profesores diante das administracións públicas implicadas, e conquistar un compromiso político no que cada unha delas asuma a súa cota de responsabilidade na procura dunha escola pública de calidade, convenientemente instalada no seu entorno e comprometida coa sociedade da que nace.